





# **As que dormen sobre a palla**

Alberte Momán Noval

© edición: Alberte Momán Noval

© texto: Alberte Momán Noval

Imaxe de portada: Kyle Cleveland

Deseño: Alberte Momán Noval

ISBN: 978-1-4466-6109-3

Esta licencia permite copiar, distribuír e exhibir os textos e as imaxes deste libro sempre que se cumpran as seguintes condicións: · Autoría e Atribución: Deberá respectarse a autoría indicando o nome do autor. · Non derivados: Non se poden alterar, transformar, modificar ou reconstruír os textos nin as imaxes. · Non comercial: Non se pode utilizar este traballo con fins comerciais.

**A**s cóbregas que procuran a quentura da cinza  
cando o ardor aínda perdura

o cuspir rancio de tabaco sobre a beirarrúa  
xunto as gomas de mascar que buscan a sola dos  
zapatos  
nas longas vixilias de verán

aínda é hoxe o día no que te negas a mastigar coa  
boca aberta

sentada

para trousar      cos xeonllos separados

e a saia curta subida até a cintura

impresa a tatuaxe das rúas nas nádegas

lembras

de cando en vez o primeiro bico

todo pertence ao máis remoto pasado cando o  
futuro é inmediato

foras a aquela canella para enxaugar a gorxa

coa cervexa que alguén che puxera na man

aínda hai quen convide a outra rolda a un alcólico

**b**icaba mellor dende que lle romperan os dentes  
cunha pata de cabra

recoñecías

saíra *pillar*

non foras canda el porque se facía tarde

e ameazaba choiva

non podía foder naquel estado

non podía            nin antes nin despois

beberas algo dun vaso que apañaras na mesa de  
té do salón

a roupa interior levaba días contigo  
como ese amigo que che segue a todas partes  
cando consegues algo de diñeiro  
meteras a man por debaixo da braga  
decepcionada introduciches o dedo anular na  
boca  
cando algo ía mal —dicías— adoitaba ser por  
falta de lubricidade

mexías no clítoris ollando para o teito  
coa boca aberta  
até quedar durmida      roncxando  
e expulsando o exceso de salivación pola comi-  
sura dos beizos

ninguén cría nos teus problemas  
nos teus dereitos

as rúas eran unha acumulación de barullo

provinte daqueles que crían ter algo que dicir  
pero ti seguías sen ser ninguén  
sen semellar ninguén  
sen obter nin unha ínfima parte  
da torta da humanización

descubriras un peito diante dunha vella cando se  
negara a comprarche unha barra de pan

do supermercado

ti tamén foras nai            por unha ínfima frac-  
ción de tempo

aínda que non puideras fornecer de alimento  
por causas alleas á túa vontade

ninguén comprendera a túa dor

ninguén comprendía

ninguén

**f**oras sodomizada dúas rúas máis adiante

por media botella dun mal whisky

chovía e mollaras o pelo

o seme caía ao chan pesadamente

e ti camiñabas coas pernas abertas para evitar  
que escorregara polas coxas

subiras as bragas despois de avanzar cen metros  
á deriva

—non hai vergoña — escoitaras dicir

—é ben certo non a hai— responderas por  
empatía

descenderas polo casco vello esaxerando o es-  
tado de embriaguez

confiabas en pasar desapercibida até para ti  
mesma

sangraras un pouco

doíache pero non máis que a humillación

—non hai vergoña —repetías —pódese facer cal-  
quera cousa

polo que máis se ansía —engadíás antes dunha  
pausa dramática

—sempre haberá quen atope a maneira de facer-  
cho pagar —finalizabas

buscando a complicidade daquelas persoas que  
camiñaban en dirección contraria

a partir dese momento procurabas evitar aquel  
lugar

preferías as miradas reprobatorias

**S**er fiel á terra queimada

buscando restos entre a cinza

agarrábache un peito con violenta determinación

agardando que entenderas

ficando espida de cintura para abaixo

inclinábaste sobre a mesa da cociña                   so-  
rindo

—cada unha mira por si

despois de facer todo o posible polos demais—

termabas do seme coa man sobre a vulva

sentabas no váter e cuspiás todo o que levabas dentro

o inodoro nunca foi o mellor lugar para cagar en deus

tampouco para asumir a derrota

só falabas da erótica do coñecemento

cando facías o encrucillado do xornal

**m**udárate prematuramente

durmías sobre a palla do cuberto da casa familiar  
á hora da sesta nas tardes de verán

aló tamén o veciño            uns anos maior

del aprenderas a localización exacta do sexo das  
ovellas

cos dedos luxados polo traballo diario

introducía            co nerviosismo que acompa-  
ñaba á excitación

a man por debaixo do teu pantalón curto de unicornios

e pedíache que pecharas os ollos

os teus pais comezaron a cerrar con chave a porta do cuberto

despois de indicarche que a maldade residía nos teus actos

sen decatarse de que o veciño non precisaba un leito de palla

nin un cuberto

nin o sexo das ovellas

para facerse forte entre as túas coxas

marchou facer o servizo militar

ti fúcheste antes do seu regreso

—**S**e non te drogas podo ter unha habitación  
para ti — dixérache

ao tempo que humedecía os beizos coa punta da  
lingua

—consérvaste ben para traballar na rúa — sen-  
tenciara

ti sorriras coa intención de agradar

unha habitación nun piso compartido era mellor  
que pasear as rúas

tendo como única remuneración un mal trago

aceptaras o ofrecemento para ter algo decente  
de comer nos seus últimos días

nos que apertaba os beizos pola dor

expulsando unha escuma pegañenta que te esfor-  
zabas en retirar

el dábache coa man para evitar que lle limparas a  
cara polas mañás cunha toalla húmida

defendendo unha fidelidade que transitaba es-  
tradas diversas ás da inercia

ás do mero compromiso

o resto do tempo

limpabas a vulva con panos húmidos que compra-  
bas de oferta no supermercado

entre cliente e cliente

ocultando botellas de alcol nos armarios

para cauterizar as feridas alén da necesidade

recoñeches que non fora a peor etapa da túa vida

a modo de confesión

durante o tempo que un descoñecido tardou en sacar unhas moedas do peto do pantalón

**a** vida non fora a mellor cousa que che podía ter  
pasado

as rúas eran un ermo sen conmiseración

confiabas a túa sorte aos mesmos locais escuros  
e cheos de vellos

bebías até perder o dominio dos teus actos

e espertabas coas sacudidas dalgún daqueles asi-  
duos

e o rostro apelicado contra a parede do baño

o alento condensado sobre o azulexo debuxaba a silueta da túa face

que apreciabas só cando te vías libre e afastabas a cara da verticalidade da parede

por aquilo que daban en chamar vista cansada coloquialmente

percibías unha dor punzante na vaxina ao camiñar

e agardabas que na barra che esperase un vaso cheo de licor

ao que                    dicían                    estabas convidada

só ti entendías o que querías dicir ao afirmar que a vida non fora a mellor cousa que che podía ter pasado

ao regresar

a saia curta espía as pernas que quedaban expostas á choiva

gustábache pasar a man sobre as pingas que cubrían a epiderme

ao percibir a pel de galiña

as cóxegas se arremuiñaban ao redor do teu sexo

sorrías                      esquecendo

e caendo na conta de que aínda había cousas melloras que a vida que che tocara en sorte

polas que pagaba a pena seguir vivindo

**C**alquera pode aprender a sobrevivir habitando  
as canellas máis escuras

basta con abrir as pernas e pechar os ollos

camiñar a tentas mantendo o equilibrio coas  
mans e impulsándose coas pernas

mirando de evitar os obstáculos máis prominen-  
tes máis sobresaíntes

*I wanna be your dog*

cantaba Iggy Pop nos tempos dos *Stooges*

paseabas pola casa sen roupa interior e coa saia  
pola cintura

para sentir        sobre o ardor        o aire fresco  
da mañá

a crema contra as cándidas mesturábase co san-  
gue da menstruación

e manchaches o sofá coa amálgama de ambas ao  
sentar

non agardabas a ninguén

pero a túa ausencia nunca pasou desapercibida

a voz non acepta unha negativa

e escóitalo subir pesadamente as escaleiras

a respiración        entrecortada        golpea        a  
porta

a suor cáelle polas tempas

négaste a abrir

pero abres para dicir que non  
o primeiro golpe faite virar cento oitenta graos  
a mesa do comedor sempre fora unha condena  
que aceptabas porque era el  
o teu carcereiro  
aquele el que morrera entre os teus brazos  
agora partes un dente contra a súa superficie e  
todo resulta menos estimulante  
a crema e o sangue favorecen a penetración  
todo remata deseguido  
temías que fora peor  
a dor volve coa quentura do sexo na vaxina

non te moves até que escoitas pechar a porta tras  
túa  
só podes pensar na presenza dalgún veciño indis-  
creto  
colocas a man sobre a mesa para manterte en pé  
cando te incorporas

—o peor de beber na casa é que convidas ti sempre —

sentenciaches

a única forma de ter fuxido daquela situación

era cos pés por diante

iso sábeo calquera

calquera que tivese visto previamente a morte en cada xesto

sentas sobre a mancha no sofá

beberías algo de boa gana pero dóeche a ferida no beizo

e a ausencia do dente

**h**oubo un tempo no que te deleitabas co aroma  
dun cabelo sobre a almofada

á mocidade gústalle afondar na terra queimada

déixaste seducir polo que che lembra ao teu fillo  
morto

desexarías que                    de    ter    sobrevivido  
   tivera a súa cara

a mesma que precipita sobre os teus peitos  
bébedo

lévalo á túa casa

fica durmido despois de exacular sobre a túa  
roupa interior

íspeste e íspelo

pasas o teu brazo por baixo da súa cabeza e inspi-  
ras

recordando tempos que nunca foron

cando che gustaba o aroma dun cabelo sobre a  
almofada

coa quentura dun corpo moi perto quecendo au-  
sencias

non de calquera corpo

dun que nunca chegou a existir

vaise á mañá seguinte

mentres finxes durmir

tes a gorxa seca e unha dor moi fonda no peito

**O** empregado da sucursal bancaria agardábate  
como cada mes

un día insinuárase          antes de ofrecerche  
unha tarxeta de débito

xogando coas cellas e pasando a ollada  
furtivamente          polos teus peitos

lembráraslle a imaxe          pouco frecuentada por  
el          da renda de inserción social

falara algo dunhas comisións

logo pasou as mans cobizosas por unha exigua  
morea de billetes de cincuenta

contaba lentamente mollando a xema do dedo  
anular nunha escuma humedecida

segundo dobraba o borde do billete para recoller  
o seguinte

pasaba a lingua polos beizos

a erótica do poder espremiábase o día de cobro

despois                    todo ía a peor

os anos comezaban a pesar como as débedas que  
se acumulaban sobre a mesa do comedor

depositou unhas moedas no mostrador

despedíndose sen sacarlles o ollo de enriba

ao tempo que as arrastrabas até a palma da man

o día abrírase escuro e húmido

decidiches volver a casa para recoller os recibos  
non domiciliados que esqueceras ao saír

O peor da caridade era o sentimento de culpa

os comentarios absurdos que te alentaban a recuperar o dominio da propia vida

e unha pertenza ao mundo que nunca existiu

regresabas cunha bolsa do lixo enchida con algunhas prendas

mirábalas unha a unha de forma lenta e pormenorizada

antes de metelas na lavadora

rexeitabas o teu corpo mentres a máquina realizaba a súa labor

espíaste para condenar a carne  
e comezabas a limpar convulsivamente as partes  
da casa que entraran en contacto co teu corpo  
como pecado  
a modo de penitencia

fronte ao espello observabas a pel que caía feita  
engurras  
sobre os lugares que un día mostraran a súa tur-  
xescencia

—a condena da vellez — dicías en alto  
pechando fortemente as pálpebras

a condena da vellez era a pobreza

**a**s rúas eran un ventre estéril e violento

paseabas polos mesmos dez metros de beirarrúa  
á espera

esquivando aos clientes habituais dos bares que  
frecuentabas

afeitos a conseguir gratis o que precisabas vender

os muros das canellas moldearan o corpo das mu-  
lles

durante décadas

ficando gravados sobre a pel e sobre as formas

e sobre a conciencia e a memoria  
e as horas e o tempo entre as horas  
e na espera

e con eles os lamentos  
e os xemidos tan finxidos como contundentes  
reverberando no cerebro para ocultar  
que non mitigar  
a dor

co sangue contido naqueles muros construíranse  
outras tantas vidas

pero para que?

as súas nais sufriran xa por todas as que estaban  
por vir

por todas as que nunca viran os muros das canellas durante a noite máis escura

da cidade

**d**o que é posible prescindir para a propia supervivencia

*consigue tempo para ti*                      repetía a propaganda televisiva

non falaba de como recuperar os dentes que foras perdendo

como mal menor para quen vive facendo felacións

chegaran a afirmar                      sorrindo

despois de deixar un billete de dez sobre a tapa dun contedor do lixo

no tempo libre durmías no sofá ou coa cabeza  
apoiada sobre os brazos

na mesa do comedor

aquela casa fórase baleirando até dos recordos

os envases de viño encartados amoreábanse  
xunto a unha papeleira

o mundo era unha sacudida contra as nádegas

un pene introducido até a gorxa

e o laxante preparatorio para unha penetración  
anal no mellor dos casos

por estar mellor pagada

os clientes marchaban

como a secuencia invertida da caída dun fluído  
por medio dun contagotas

a idade era iso



até botamos en falta as rutinas máis desapraci-  
bles en canto nos faltan

cando sabemos que non as volveremos repetir

porque a vida é xa outra cousa

e a enfermidade

e o hospital

e a presenza da morte que se nos anuncia cando  
xa non podemos erguernos a mexar

polo noso propio pé

o que máis desexas            neste momento

é poder dicir que a historia remata contigo

pero

a vida é outra cousa

e os que padecen nunca poden agardar a que lles  
toque a lotería

porque            para os que sofren

o premio foi repartido no momento de nacer

e este é o único do que non hai escapatoria

